

**INFORME DO GRUPO DE TRABALLO PARA OS CRITERIOS NON
AVALIABLES AUTOMÁTICAMENTE NA CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO
SERVIZO PÚBLICO DE TRANSPORTE DE VIAXEIROS NA MODALIDADE DE
CONCESIÓN NO CONCELLO DE LUGO**

Recibida providencia do Secretario da Mesa de Contratación constituída ó efecto relativa á emisión de informe técnico para a valoración dos criterios non avaliados automaticamente - que non constitúe proposta de adxudicación ningunha - e de conformidade co establecido no prego de prescricións técnicas e cláusulas administrativas particulares (acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o 2 de abril de 2014) emítese o seguinte informe

Indicar que o mesmo se estruturará en función da distribución dos criterios non avaliados automaticamente que figuran no Prego, considerando ao persoal integrante do grupo de traballo con ámbito competencial ou maior afinidade ao criterio a avaliar, e facéndoo segundo o seu leal saber e entender, dada a compoñente de subxectividade presente nas avaliacións dos mesmos.

No presente realízase a avaliación das propostas técnicas presentadas polas empresas licitadoras MARFINA BUS, S.A. e AUTOBUSES URBANOS, S.A. **no que respecta ó apartado II da cláusula DÉCIMO TERCEIRA. CRITERIOS DE AVALIACIÓN do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.**

Naqueles apartados nos que se establece coma criterio a avaliación por cuantías e/ou porcentaxes, o criterio que se empregará será o de proporcionalidade entre o suposto de máxima puntuación e o da mínima, calculando a puntuación dos licitadores mediante interpolación lineal e redondeando o resultado a dúas cifras decimais.

MEMORIA TÉCNICA

En relación á Memoria Técnica, esta se atopa estruturada en varios apartados, os cales motivaron o reparto do traballo. A puntuación máxima deste apartado é de 10,00 puntos repartidos do xeito seguinte:

- Proposta técnica (3,00 puntos). Neste apartado valorarase a descrición técnica da prestación do servizo e deberá incluír, entre outros aspectos, as características das instalacións adscritas á prestación do servizo así como a oferta do licitador en relación aos requisitos de calidade do servizo (calidade horaria e puntualidade, dispoñibilidade, satisfacción do usuario, calidade na información e tratamento de incidencias).

Neste apartado o grupo técnico de valoración decide desglosar a puntuación do xeito que se indica a continuación:

Descrición Técnica da Prestación do Servizo (1,00 punto)



Requisitos de Calidade do Servizo(1,00 punto)

Características das Instalacións adscritas á prestación do Servizo (1,00 punto)

En canto ós **requisitos de calidade do servizo** (a cláusula XXIV do prego se refire ó cumprimento dunha serie de requisitos de calidade tanto na prestación do servizo como á percibida polos usuarios que se verificarán mediante o control de diferentes índices conforme ó establecido na norma UNE-EN 13816; son os seguintes:

1.- Índice de calidade horaria: Valor mínimo de 85%, sendo substituído este valor de requisito mínimo polo que presente a licitadora na súa oferta. Valor máximo posible 100%.

2.- Índice de calidade dos autobuses: valor mínimo de 90% sendo substituído este valor de requisito mínimo polo que presente a licitadora na súa oferta. Valor máximo posible 100%.

3.- Índice de calidade na información: valor mínimo de 90% sendo substituído este valor de requisito mínimo polo que presente a licitadora na súa oferta. Valor máximo posible 100%.

4.- Índice de calidade no tratamento de reclamacións: valor mínimo de 95% sendo este substituído polo que presente a licitadora na súa oferta. Valor máximo posible 100%.

5.- Índice de satisfacción do/a cliente: o requisito mínimo que se establece é 6,0. Valor máximo posible 10.

- Plan de renovación de flota (2,00 puntos)
- Deseño e imaxe dos vehiculos propostos (2,00 puntos)
- Plan de mantemento (1,00 punto)
- Plan de introduccion de enerxías menos contaminantes (1,00 punto)
- Plan de limpeza (1,00 punto).

PROPOSTA TÉCNICA

En relación á Proposta Técnica, reiterar novamente que neste apartado valorarase a descripción técnica da prestación do servizo, e deberá incluír as características das instalacións afectas ó servizo así como a oferta do licitador en relación ós requisitos de calidade do servizo (calidade horaria e puntualidade, disponibilidad, satisfacción do usuario, calidade na información e tratamento de incidencias.”

DESCRIPCIÓN TÉCNICA DA PRESTACIÓN DO SERVIZO REALIZADA POR MARFINA BUS, S.A.



Realiza unha oferta de **servizo permanente** coa composición de frecuencias e horarios que se establecen no prego de prescripcóns técnicas así como **aqueles de carácter temporal** que ordene o Concello.

Esta licitadora xustifica a viabilidade técnica comenzando por unha ampla descripcón en canto ós **recursos humanos** do organigrama da plantilla incidindo na importancia da capacitación do equipo humano para dar un servizo de calidade (Pax.4 a 14 da oferta).

No que atinxe ás **ferramentas de xestión** garante a implantación e mantemento de todos os elementos tecnolóxicos (hardware e software) que se especifican no prego citando o SAE, pantallas interiores de aviso de parada, páxina web completa así como conta cun sistema de xestión integral denominado Zeus que permite o control exhaustivo e automatizado de todos os recursos e servizos da empresa. (Pax.: 17 e 18 da oferta)

Respecto ó **régime de control do servizo** (clausula XXV do prego) referido á posta en coñecemento do Concello no acto das alteracións graves que se produzan no seu funcionamento con periodicidade semanal, mensual, trimestral e anual así como o que se refire ás modificacións de itinerarios de liñas ou accidentes durante a prestación do servizo, esta mercantil dipón de ferramentas tecnóxicas para facer fronte a estas continxencias conforme ó establecido no prego. (Pax.19 da oferta).

Características das instalacións afectas á prestación do servizo: (na cláusula XXI do prego se dí que a entidade concesionaria deberá dispoñer das instalacións adecuadas que le permitan o correcto estacionamento e mantemento dos vehículos afectos ó servizo que serán de uso exclusivo para este no termo municipal de Lugo. As instalacións adicionais ás principais serán obxecto de oferta técnica xustificando a súa adecuación ás necesidades existentes ou servizos ofertados). **MARFINA BUS, S.A** oferta como **instalación principal unha nave (que alberga taller, cocheira e oficinas) así como terreo e pista de acceso en Estrada Vella de Santiago, parroquia de San Lázaro da Ponte**, achegando compromiso de contrato de arrendamento asinado con Talleres Abelleira, S.L. no caso de resultar adxudicatario. A devandita instalación cumpre con tódolos requisitos para poder tal finalidade. Non oferta instalacións adicionais. (Pax. 15, 16 e 81 da oferta).

En canto ós **requisitos de calidade do servizo, MARFINA BUS, S.A.** propón os seguintes compromisos de calidade: (Pax. 19 da súa oferta):

- 1.- Índice de calidade horaria: compromiso de calidade por un valor do **90%**
- 2.- Índice de calidade nos autobuses: compromiso de calidade por un valor de **93%**
- 3.- Índice de calidade na información: compromiso de calidade de un valor de **93%**
- 4.- Índice de calidade no tratamento de reclamacións: compromiso de calidade valor **98%**.



5.- Índice de satisfacción do cliente: **6,8** valor comprometido.

Polo tanto esta licitadora realiza un **compromiso de superación de todos los índices de calidade conforme ó establecido no prego.**

DESCRIPCIÓN TÉCNICA DA PRESTACIÓN DO SERVIZO REALIZADA POR AUTOBUSES URBANOS DE LUGO, S.A.

Realiza unha oferta de **servizo permanente** coa composición de frecuencias e horarios que se establecen no prego e conforme ó Plan de Mobilidade así como a previsión de ampliación doutros servizos (Pax. 10 e 11 da oferta)

Xustifica a viabilidade técnica da prestación do servizo en canto ós **recursos humanos** describindo unha estrutura organizativa distribuída en varias áreas funcionais coordinadas por un Delegado-Xerente. (Pax. 14 a 16 da oferta.)

Respecto ás **ferramentas de xestión** dí que achegará ferramentas como o software, programas de xestión de tráfico, de facturación, de mantemento e de xestión de flotas... (Pax. 16 e 17 da oferta).

Respecto ó **réxime de control do servizo** (clausula XXV do prego) **AUTOBUSES URBANOS DE LUGO, S.A** dispón dun plan de emerxencias que contempla un conxunto de normas, medidas e procedementos a executar no caso de producirense estas situacións durante a execución dos traballos así como un protocolo de actuación para o restablecemento do servizo no menor tempo posible; concreta planes de continxencia específicos tales como avarías no vehículo, indisponibilidade do conductor ou situacións de inundacións ou neve. (Pax. 20 a 24 da oferta)

Características das instalacións afectas á prestación do servizo (clausula XXI do prego) **AUTOBUSES URBANOS, S.A.**, propón como **instalación principal** unha nave (que alberga taller, cocheira e oficinas) así como terreo e pista de acceso en Estrada Vella de Santiago, parroquia de San Lázaro da Ponte, achegando compromiso de contrato de arrendamento asinado con Talleres Abelleira, S.L. no caso de resultar adxudicatario. A devandita instalación cumpre con tódolos requisitos para poder tal finalidade.

Esta licitadora oferta como **instalacións adicionais** á principal a composta por unha nave de dúas plantas para oficinas, taller e zona de aparcamento cuberto en rúa Cotón de Arriba, 2-Polígono da Louzaneta; xustifica a adecuación ás necesidades existentes en base á cercanía respecto da instalación principal, ó bo estado das instalacións de taller e suministro, así como da ubicación do tren de lavado e depósito de gas-oil, acreditando a disponibilidade de esta achegando documento de compromiso con Talleres la Campiña, S.L. (Pax.25 a 34 da oferta).



En canto ós **requisitos de calidade do servizo** (clausula XXIV do prego) **AUTOBUSES URBANOS, S.A.** propón os seguintes compromisos de calidade:

- 1.- Índice de calidade horaria: compromiso de calidade por un valor do **92,5%**
- 2.- Índice de calidade nos autobuses: compromiso de calidade por un valor de **95%**
- 3.- Índice de calidade na información: compromiso de calidade de un valor de **95%**
- 4.- Índice de calidade no tratamento de reclamacións: compromiso de calidade valor **97%**.
- 5.- Índice de satisfacción do cliente: **6,5** valor comprometido.

Polo tanto esta licitadora realiza un **compromiso de superación de todos os índices de calidade conforme ó establecido no prego.** (Pax. 35 a 39 da oferta)

En canto a outros aspectos da xustificación técnica proposta engade o equipamento fixo, o embarcado a bordo dos vehículos, control dos sistemas de pago, SAE ou implantación da sinatura dixital conforme ó establecido no prego.

Puntuación do apartado

Exposto o anterior cómpre sinalar que a proposta técnica realizada polas dúas licitadoras é semellante en canto á prestación do servizo (permanentes e temporais), contan con recursos humanos para poder realizalo así como posúen as ferramentas de xestión esixidas no prego e contan con mecanismos de control para facer fronte a contingencias imprevistas. Polo tanto se considera que cada unha delas acada 1 punto nese apartado.

No que respecta á calidade na prestación do servizo, dos cinco índices de calidade, MARFINA BUS, S.L. supera a AUTOBUSES URBANOS, S.A no índice de calidade no tratamento de reclamacións e no índice de satisfacción do cliente; pola contra AUTOBUSES URBANOS, S.A supera a MARFINA BUS, S.A, en compromiso no que respecta ós outros tres valores: índice de calidade horaria, compromiso de calidade nos autobuses e compromiso de calidade na información. Polo exposto, preséntase a valoración na seguinte táboa

INDICES DE CALIDADE DE TRANSPORTE PÚBLICO

			OFERTADO		PUNTUACIÓN	
	MINIMO	MAXIMO	MARFINA BUS	AUTOBUSES URBANOS	MARFINA BUS, S.A.	AUTOBUSES URBANOS
CALIDADE HORARIA	85	100	90	92,5	0,07	0,1
CALIDADE AUTOBUSES	90	100	93	95	0,06	0,1
CALIDADE NA INFORMACIÓN	90	100	93	95	0,06	0,1
CALIDADE TRATAMENTO RECLAMACIÓNS	95	100	98	97	0,12	0,08
INDICE SATISFACCIÓN CLIENTE	6	10	6,8	6,5	0,04	0,03
					0,35	0,41

No que atinxe ás instalacións propostas polas licitadoras son coincidentes respecto á instalación principal, cumprindo nos dous casos as condicións esixidas nos Pregos que rixen a presente contratación. Reseñar que AUTOBUSES



Concello de Lugo

ENXENIERIA
PFF/pff
Refª: INFORME CONJUNTO VALORACIÓN TRANSPORTE
Asunto:

URBANOS, S.A. oferta instalación adicional conforme ás condicións establecidas no prego. Polo tanto se considera que cada unha delas acada 1 punto nese apartado.

Esto é canto procede informar. Non obstante a Mesa, co seu Superior Criterio resolverá o que estime procedente.

En Lugo, a 4 de decembro de 2015

A Xefa de Sección de Transportes

Asdo.: Isabel Varela López

O Xefe do Parque Móvil Municipal

Asdo.: José Reigosa García

O Xefe do Servizo de Enxeñería

Asdo.: Pablo Fuentes Faílde

O Psicólogo da Área de Concello e Cidadanía

Asdo.: Julio González Morandeira

O Enxeñeiro de Montes do Servizo Municipal de Medio Ambiente

Asdo.: Miguel Ángel Negral Fernández



Concello de Lugo

ENXENIERIA

PFF/pff

Refª: INFORME CONJUNTO VALORACIÓN TRANSPORTE

Asunto:

PLAN DE RENOVACIÓN DE FLOTA

Respecto ao Plan de Renovación de flota, é practicamente idéntico nas dúas empresas e ambas cumpren estrictamente o Prego de Condicións á data de presentación de ofertas, polo que as dúas empresas acadarían 2 puntos cada unha de acordo co baremo establecido no Prego de Condicións. Se ben cabe reseñar que a data de hoxe e dada a demora na adxudicación da concesión, a empresa que resulte adxudicataria tería que incorporar de inmediato entre 11 e 12 unidades novas ao obxecto de cumprir a idade media dos vehículos establecida no Prego de Condicións.

Esto é canto procede informar. Non obstante a Mesa, co seu Superior Criterio resolverá o que estime procedente.

En Lugo, a 4 de decembro de 2015
O Xefe do Parque Móvil Municipal

Asdo.: José Reigosa García



DESEÑO E IMAXE DOS VEHÍCULOS

No que atinxe ós aspectos relativos ó Deseño e imaxe dos vehículos, analízanse as propostas dos licitadores, dende a perspectiva do prego de condicións, no relativo á imaxe a incorporar e a súa proxección, tal como os mesmos licitadores argumentan nas súas propostas, poñendo de relieve a importancia da identificación do autobús a distancia e tamen o recoñecemento do mesmo por parte dos potenciais viaxeiros.

E indubidable que a imaxe do transporte público dunha cidade debe ser reflexo da mesma, adecuándose á súa propia imaxe corporativa tal como establece o prego, e un marco para a transmisión de información, neste caso, do propio Servizo, dende a perspectiva do recoñecemento dos vehículos, imaxe corporativa da cidade, e tamén como se establece no prego, servindo de plataforma para a información institucional e para a súa explotación como soporte publicitario.

E evidente que a imaxe que os licitadores poden propoñer ten un importante componente creativo, e pode ter diferentes graos de axuste no seu deseño ós elementos corporativos do Concello de Lugo, recollidos no seu manual de identidade, que é o elemento de referencia, que en todo caso debe ser tido en conta aínda que sexa minimamente como é o caso, limitándose practicamente á inclusión do logotipo. Asemade ten importancia o tratamento da información, nos demais elementos que compoñen os espazos utilizados polos viaxeiros e os elementos complementarios.

Así, a empresa AULUSA, incide sobre os aspectos de :

- Deseño e imaxe dos vehículos propostos
- Publicidade e información
- Deseño e imaxe de uniformidade

Na súa oferta (pax. 51-56) fai una proposta continuista coa actual imaxe, que non aportaría ningún valor diferencial á actualidade do Servizo de transporte urbano dende o punto de vista de imaxe, aínda que a propia continuidade e explicada como un valor en si mesmo pola licitadora. Cumplindo cos os mínimos establecidos no prego, polo que a proposta é admisible, e declarando o sometemento a aprobación do Concello de Lugo a aprobación de modificacións derivadas de instalación de publicidade, para a xestión da mesma, a licitadora, propon a cesión desta xestión publicitaria a una terceira empresa especializada, sin detallar cal sería, nin explicar a xestión que se realizará. Faise una referencia á existencia en ese caso dun ingreso mensual fixo, mais os extras durante o ano en caso de ocupación publicitaria das traseiras integrais, aínda que sin cuantificar economicamente ningún destes aspectos.

O tratamento da información a realizar para a súa presentación ós viaxeiros e descriptiva, e de carácter xenerico, cunprindo as especificacións mínimas do prego.





No tocante á uniformidade, a dotación de prendas e elementos incluído a EPI (chaleco homologado) consideranse axeitadas, e segundo se explicita acordos co estipulado no convenio do sector.

A empresa MARFINA BUS S.A. (grupo moventis) realiza entre as páxinas 24 e 34 da súa oferta, una proposta organizada en torno ós seguintes apartados:

- Antecedentes e situación de partida
- Obxectivos internos e externos
- Prantexamento estratéxico e concepto
- Plataforma de comunicación
- Proposta de Marca e Claim
- Información ó usuario
- Comunicación do novo Servizo
- Paradas
- Sinalización temporal ou puntual
- Buses
- Exterior do vehículo
- Interior do vehículo
- Web e Ferramentas on-line
- App para smartphones
- Explotación comercial
- Publicidade exterior
- Publicidade interior
- Outros formatos
- Campaña de sensibilización

O Tratamento da proposta presentada e completo e detallado, propoñendo una nova imaxe de marca, e describindo os elementos, dunha visión integral do tratamento da información que e moi axeitada cumprindo coas especificación do prego, e establecendo a validación por parte do concello de Lugo dos elementos a empregar.

A imaxe exterior proposta para os buses aínda que diferente da actual, aporta pouco valor engadido ó tratarse dunha proposta plana en fondo branco, que dende o punto de vista gestáltico (e dicir da percepción exterior) non e transmisor de elementos de forza cromática ou identificativos de xeito diferencial, aínda que se argumenta neste sentido falando dunha nova etapa, no mesmo senso que a outra licitadora, son propostas estéticas anodinas.

O tratamento interior dos vehículos ten un tratamento axeitado e diferenciador, incluíndo mellores características tecnolóxicas, e de publicidade estática.



Concello de Lugo

ENXENIERIA

PFF/pff

Refª: INFORME CONJUNTO VALORACIÓN TRANSPORTE

Asunto:

Inclúe un mellor tratamento tecnolóxico, con soporte web, códigos QR nas paradas, aplicación para smartphones e inclúe una campaña de sensibilización e edición de folletos.

Visto o ofertado por ambas licitadoras, enténdese que cumpren os requisitos mínimos do prego, aínda con unas propostas estéticas anodinas en ambos casos, pero cun mellor tratamento da información e proxección integral de imaxe no caso de MARFINA BUS. Polo que se entende que as puntuacións que poden corresponder aos licitadores neste apartado son:

Esto é canto procede informar. Non obstante a Mesa, co seu Superior Criterio resolverá o que estime procedente.

AUTOBUSES URBANOS, S.A.: 0,30 puntos

MARFINA BUS, S.A.: 0,75 puntos

En Lugo, a 4 de decembro de 2015
O Psicólogo da Área de Concello e Cidadanía

Asdo.: Julio Gonzalez Morandeira



Concello de Lugo

ENXENIERIA

PFF/pff

Refª: INFORME CONJUNTO VALORACIÓN TRANSPORTE

Asunto:

PLAN DE MANTEMENTO

Vistas as ofertas presentadas polas firmas comerciais Marfina Bus, S.A. (Moventis) e Autobuses Urbanos de Lugo, S.A. (Aulusa). No referente ao Plan de Mantemento, este é similar e bastante completo nas dúas empresas, polo que acadarían cada unha delas 1 punto de acordo co baremo establecido no Prego de Condicións.

Esto é canto procede informar. Non obstante a Mesa, co seu Superior Criterio resolverá o que estime procedente.

En Lugo, a 4 de decembro de 2015

O Xefe do Parque Móvil Municipal

Asdo.: José Reigosa García



PLAN DE INTRODUCCIÓN DE ENERXÍAS MENOS CONTAMINANTES:

AUTOBUSES URBANOS, S.A.:

O Plan de Introducción de Enerxías Menos Contaminantes da oferta deste licitador inclúe o desenvolvemento dun Plan piloto de eficiencia enerxética no segundo ano da concesión, baseado na adquisición dun vehículo de fontes enerxéticas e emisións diferentes. A proposta é a adquisición dun autobús híbrido gasóil/eléctrico. Non se contemplamn outras fontes de enerxía como o GNC, GLP, pila de hidróxeno ou eléctrico 100%. Na oferta realízase a proposta de varios modelos que se corresponderían con esta iniciativa, mais a decisión acerca do modelo elexido realizaríase no primeiro ano de concesión.

Con posterioridade, realizaríase a valoración da experiencia piloto, en función de estudos de aforro de custos, eficiencia enerxética, financeiros e outros que determinase o Concello de Lugo.

No caso de que se decidise variar o Pla de Renovación da Flota, sería co consentimento expreso do Concello de Lugo, á vista dos estudos e análises sufragados pola concesionaria, determinando o balance económico resultante relativo aos cambios das diferentes partidas que provoque a elección do novo material móvil.

O licitador comprométese a obter a certificación nas normas ISO 50001 e ISO 14064. A ISO 50001 é a norma que certifica a existencia dun Sistema Optimizado para o uso correcto da enerxía. A ISO 14064 é a norma que certifica a pegada de carbono. Esta norma detalla os principios e requisitos para o deseño, deesnvolemento e xestión de inventarios GEI (Gases de Efecto Invernadoiro).

MARFINA BUS, S.A.:

Este licitador propón na súa oferta a realización -dentro do primeiro ano da concesión- dun Estudio de Viabilidade técnico-financieiro para a implantaciónde vehículos eficientes enerxéticamente. Este estudio de viabilidade incluiría os seguintes puntos:

- Análise da situación actual (características técnicas, características enerxéticas, emisións, etc)
- Análise comparativo de diferentes tecnoloxías implantadas en servizos de transporte urbano .
- Xustificación de elementos que permitan valorar a viabilidade do proxecto (aspectos técnicos e económico-financeiros, aspectos ambientais, outros aspectos)
- Valoración da súa eficiencia enerxética e mellora da calidade ambiental da cidade (ruído, emisións, olores, etc)



Outro dos puntos do estudio é a realización de benchmarking e posterior análise multicriterio coas seguintes variables: prezo de adquisición, consumo enerxético, autonomía do vehículo, custos de mantemento e emisións, a realizar con carácter previo á proposta de cambio tecnolóxico ou de mellora da tecnoloxía actual.

O estudio da viabilidade económica realizarase mediante a análise económico-financeiro da viabilidade de implantación das diferentes alternativas propostas, en función das análises de sensibilidade realizados. O Balance Medioambiental realizarase en función dos datos dos que se dispoña, segundo as metodoloxías existentes.

Realizarase, ademáis, un análise de experiencias de 5 explotacións de transporte público urbano (3 nacionais e 2 internacionais). Analizaranse estas explotacións nas que se teña operado con tecnoloxías alternativas ao diésel. Na valoración das implicacións do Plan de renovación da flota de autobuses, avaliaranse aspectos que poidan influenciar nos periodos e sobrecostos establecidos no Plan de Renovación da flota.

Por último, realizaríase unha táboa comparativa das diferentes solucións propostas.

Ademáis deste estudio de viabilidade, o licitador propón a incorporación de indicadores de xestión e seguimento das medidas adoptadas, tanto no ámbito cuantitativo (aforro enerxético, aforro económico, minimización de contaminantes) como na valoración da eficiencia, co establecemento de obxectivos. Os Tipos de indicadores propostos son:

- ICO: Indicadores de Comportamento Operacional.
- ICG: Indicadores de Comportamento na Xestión.
- IEA: Indicadores de Estado Ambiental.

- Ademáis do estudio de viabilidade, o licitador inclúe na súa oferta un compromiso de establecer un Plan Piloto de eficiencia enerxética no segundo ano da concesión. Esta Plan Piloto consistiría na adquisición dun vehículo de fontes enerxéticas alternativas, previa aprobación por parte do Concello ao tipo de vehículo e ao propio Plan. No caso de que se decidira algún cambio no Plan de Renovación da flota, debería ser co previo consentimento do Concello. O custo dos estudos correría por parte do concesionario.

- O licitador inclúe na oferta un vehículo para a flota auxiliar 100% eléctrico, para tarefas de mantemento e inspección na cidade.



- Ademáis, estableceríase un Plan de Acción para garantir a calidade do combustible, unha redución do seu consumo e unha redución de emisións.

PLAN DE LIMPEZA

AUTOBUSES URBANOS, S.A.:

1.- Plan de Limpeza Interior e Exterior dos vehículos:

- Exterior: Frecuencia diaria, ao finalizar a xornada de traballo., mediante tren de lavado, repaso manual e utilización de champús neutros.
- Interior: Realizárase limpeza interior de dous tipos: Ordinaria e Xeral, con diferentes niveis, dependendo da periodicidade utilizada.
 - Ordinaria: Operacións realizadas cunha periodicidade non superior a unha semana. Estructúrase en tres niveis, dous de frecuencia diaria e un de frecuencia de días alternos, incluíndo aspirado, fregado, desinfección xeral e ambientación.
 - Xeral: Operacións realizadas cunha frecuencia superior a unha semana. Frecuencia semanal (limpeza de paredes laterais e revestimentos), frecuencia mensual (limpeza de teitos e cabina do conductor, limpeza exterior de elementos de luz, reixas de aire acondicionado, etc), e frecuencia anual (desinsectación e desinfección, e limpeza de tapicerías).

2.- Plan de Limpeza de dependencias e servizos hixiénicos.

- Frecuencia de luns a venres: Para as oficinas e servizos das instalacións.
- Frecuencia mensual: Aspirado xeral, desengrasado e fregado mecánico de zonas de reparación e taller, e zona de estacionamento de vehículos.

Ofértase ademáis un programa de xestión que realizará o seguimento do Plan de Mantenemento e o Plan de Limpeza, con rexistro de operacións e emisión de informes. Este programa terá acceso telemático do Concello de Lugo. Emitiranse os seguintes informes periódicos:

- Informe mensual de seguimento do Plan de Mantenemento e do Plan de Limpeza da Flota.
- Informe anual de seguimento o Plan de Mantenemento e do Plan de Limpeza da Flota.

Cada vehículo contará co seu expediente, definido no Plan.

MARFINA BUS, S.A.:

1.- Plan de Limpeza dos Vehículos:

- Limpeza exterior diaria, en túnel de lavado, máis auga a presión e champú activo biodegradable.
- Limpeza interior diaria, e limpeza a fondo mensual no 20 % da flota (é dicir, realización de 2 limpeza a fondo ao ano por vehículo). Estas limpeza suman un



Concello de Lugo

ENXENIERIA

PFF/pff

Refª: INFORME CONJUNTO VALORACIÓN TRANSPORTE

Asunto:

total de 3.100 horas de traballo ao ano. (3.000 limpeza diaria e 100 limpeza a fondo).

- Software de xestión integral da flota para a emisión de informes e seguimento da execución dos traballos.

2.- Plan de Limpeza de Cocheras e oficina:

- Ofértanse 500 horas/ano (450 horas de limpiador + 50 horas de especialista).
Periodicidade de tres días.

- Limpeza diaria de talleres.

- Limpeza de cristais trimestral.

Esto é canto procede informar. Non obstante a Mesa, co seu Superior Criterio resolverá o que estime procedente.

En Lugo a 4 de decembro de 2015
O Enxeñeiro de Montes do Servizo
Municipal de Medio Ambiente

Asdo.: Miguel Ángel Negral Fernández

MELLORAS

MARFINA BUS, S.A.

Dunha lectura da súa oferta, no Resumo Executivo indícase que se ofertan melloras nos tres apartados que indica o Prego, por un importe total de 750.200,00 €.

As melloras conforman o Apartado 8, presentando a seguinte estrutura:

1. PAQUETES DE QUILÓMETROS

Indica que se ofrece un paquete de quilómetros sen custe para o Concello de Lugo, que poderá ser empregado tanto para servizos non permanentes (de carácter temporal) así coma para servizos de reforzo non previstos. Corresponde cunha cantidade equivalente a 8.695 km/ano, que avalía en 20.000,00 € anuais, tendo en conta o prezo de licitación fixado polo Concello de 2,30 €/km. Deste xeito, a mercantil avalía esta mellora en 200.000 € para a vida do contrato. Por mor de erros de redondeo, aplicando o indicado pola mercantil, 8.659 km/anox2,30 €/km, desbotan unha cantidade de 19.998,50 € ano, que para a vida do contrato supoñen unha cuantía de 199.985,00 €.

2 NÚMERO DE VEHÍCULOS E/OU VEHÍCULOS ESPECIAIS

2.1. Vehículos piloto

Presenta o compromiso de adquisición dun vehículo híbrido para realizar a proba piloto por un período mínimo de 2 anos. Avalía a mellora en 340.000,00 €. En data 26 de xaneiro presenta, a petición da Mesa de Contratación, unha aclaración sobre as características do vehículo, a fin de permitir a comprobación sobre a correspondencia das mesmas co valor indicado pola mercantil para o vehículo. As características do mesmo son as seguintes:

- Autobús urbano híbrido
- Lonxitude aproximada: 12,00 m
- Piso baixo
- Tres portas
- Tecnoloxía híbrida con diésel (segundo modelo)
- Ancho máximo: 2,55 m
- Altura: 3,28 m
- Nivel de emisións: EURO 6
- Rampla de acceso de pasaxeiros en cadeira de rodas
- Espazo para 2 cadeiras de rodas.
- Prazas aproximadas: 28 sentados, 65 de pé e 2 PMR

- Aforro de combustible aproximado: 30%
- Aforro de emisións

Engade que hai dous vehículos que cumpren as devanditas características e que se está a valorar coma posibles candidatos á proba piloto sendo o Volvo 7900H EURO 6 e o MAN Lion's City Hibrid (A37) EURO 6. Xunta fichas técnicas dos devanditos modelos.

Avalía a mellora en 340.000,00 €, prestándose conformidade á avaliación aportada.

2.2. Flota Auxiliar Eléctrica

Presenta coma vehículo auxiliar, tanto para intervencións de mantemento na rúa como para desprazamento do persoal de inspección pola cidade un Renault Kangoo ZE (vehículo 100% eléctrico e con capacidade para ferramentas e o equipo necesario para realizar ditas funcións. Avalía a devandita mellora en 45.200,00 €, correspondendo 30.000,00 € ó custe de adquisición e 13.200,00 € de alquiler de batería e 2.000 € de toma de alimentación. Préstase conformidade á avaliación aportada.

2.3. Tecnoloxía embarcada

Os vehículos incorporarán unha PDA electrónica para que os condutores poidan informar dos desperfectos, incidencias e evolución do servizo. Asemade instalárase Wifi en tódolos vehículos, con acceso gratuito para viaxeiros (asumindo o custe). Por outra banda, tódolos vehículos incorporarán pantallas TFT Full HD (>22") con un sistema que amosará ós viaxeiros toda a información dinámica durante a viaxe. Avalía esta mellora, sen desglosar en 35.000,00 €. Estase considerando a dotación destes equipos para todos os vehículos (non só os que estean simultaneamente en servizo). Supoñendo unha flota de 22 vehículos supón unha repercusión de 1.590,90 € por vehículo, o que se considera unha cantidade máis que suficiente para a dotación indicada. Considérase conforme a cantidade proposta.

3. ESTUDOS DE SOLUCIÓNS DE TRÁFICO PARA DETERMINADAS ZONAS

3.1. Estudos en materia de mobilidade e transporte

Tras unha introducción na que traza as liñas xerais do que se postula no Plan de Mobilidade e Espazo Urbano de Lugo, oferta a posta a disposición do Concello de Lugo dun conxunto de horas de asesoría (axuda a nivel técnico nos diferentes estudos de tráfico, estacionamento, transporte colectivo, etc... que sexan precisos para garantir unha mobilidade acorde coas necesidades dos residentes e



visitantes. A modo de exemplo presenta a seguinte listaxe de posibles proxectos tipo, sen tratarse dunha lista pechada:

Proxectos tipo en materia de Tráfico e Estacionamento (realización de microsimulacións a cruces conflictivos da cidade, avaliación de novos estacionamentos off-street, avaliación de novos estacionamentos on-street), Proxectos tipo en materia de mobilidade urbana (Estudos de Mobilidade Sectoriais, Accesibilidade de un área específica do municipio, plan de peonalización, plan de transporte a centros de traballo, accesibilidade ao transporte público, Estudio de implantación de itinerarios peonís/ciclistas), Proxectos de Seguridade Vial (Plan de Seguridade Vial Urbano de Lugo, Mellora da Seguridade Viaria en Travesías Urbanas), Asesoramento en aspectos tecnolóxicos de mobilidade (Asesoramento sobre elementos tecnolóxicos vencellados á mobilidade, análise da web municipal en materia de mobilidade: actualización e novos contidos)

Diste xeito, a metodoloxía sería a seguinte:

- O Concello solicitaría ó Grupo Moventis, a asistencia técnica concreta en materia de mobilidade.
- O Grupo Moventis presentaría ó Concello no prazo máximo de 15 días unha descrición das tarefas equipo e adicacións necesarias (horas) para a realización da devandita asistencia.
- Unha vez aprobada polo Concello a proposta, o equipo de especialistas do Grupo Moventis executaría os traballos pactados.
- En total o Grupo Moventis oferta unha cantidade de 400 horas de consultoría anuais, de maneira totalmente gratuitas.
- No caso de que a asistencia técnica requira a realización de traballos de campo e/ou de desprazamentos, estes se presentarán ao Concello para a súa aprobación e se contabilizarán coma horas equivalentes mediante o criterio de 60 €/hora.

Para o conxunto de propostas enumeradas a empresa oferta a cuantía global de 240.000,0 € para todo o relativo a sistemas de mobilidade e transporte.

3.2. Consultoría de Sistemas de Bicicleta Pública

Sempre empregando coma guión do Plan de Mobilidade, se oferta un importe de 30.000 € en concepto de consultoría de bicicleta pública, sen un desglose pormenorizado ou cómputo de horas. Neste apartado, o Concello resérvase o dereito de aceptar ou esixir enmendas ou aclaracións ao do documento que se presente no seu día, en función de que se poida considerar que o mesmo se axusta ou non á cuantía económica ofertada e que se acepta de cara a avaliación da oferta presentada.

AUTOBUSES URBANOS S.A.

PAQUETES DE KM SEN CUSTE PARA O CONCELLO

Oferta unha bolsa de km anual sen custe para o Concello, para a realización de servizos de carácter temporal tal e como son definidos na cláusula X do Prego de Prescripcións Técnicas. Este número de km anuais ofertados é de 7.000 km. Co único obxecto de valoración da mellora emprégase o prezo de 2,30 €/km que se indica no Prego, obténdose unha cuantía de 16.100,00 € anuais, o que para os dez anos de duración do contrato desbotan unha cuantía de 161.000,00 €.

VEHÍCULOS ESPECIAIS

Ofértase a adquisición dun vehículo especial tipo minibús a fin de poder prestar servizo naquelas zonas que, polas dimensións dos viais existentes nas mesmas, non sexa posible a prestación do mesmo con vehículos de maior tamaño (exemplo liña 11. Presenta unha avaliación económica para a oferta de 167.000,00 €, segundo oferta realizada polo fabricante Mercedes-Benz (modelo SPRINTER CITY 65 de Mercedes Benz, cunhas características

Vehículo Low Entry con porta lateral de dobre folla, porta de emerxencia e motoro frontal en disposición lonxitudinal

Ancho:	1.993 mm
Lonxitude:	7.700 mm
MMA:	5,65 Toneladas
Homologación segundo 2001/85, clasel	
Prazas:	Entre 20 e 30 +conductor, segundo configuración

Préstase conformidade á avaliación económica presentada.

ESTUDIOS DE SOLUCIÓN DE TRÁFICO

Presenta como proposta a realización dun estudio de tráfico a partires dunha modelización da rede (viarío municipal) e a calibración da mesma. A partires da mesma e das cargas de vehículos sobre a mesma, se realizan diferentes simulacións a demanda dos técnicos municipais, a partires de casuísticas concretas que interese medir, sendo susceptible de ser medida de xeito cuantitativo cada unha destas situacións. Deste xeito oferta a realización dun estudio de solucións de tráfico no Concello de Lugo a través dun planificador en base ao anteriormente explicado, a realizar pola empresa ERYBA ESTUDIOS DE MERCADO, S.L., que conta cunha grande experiencia na implantación destas solucións traballando baixo diferentes paquetes existentes no mercado: AINSUM, VISUNG, TRANSCAD. Avalía a mellora, sen máis concreción na cuantía de 60.000,00 €. Neste apartado, o Concello resérvase o dereito de aceptar ou esixir enmendas ou aclaracións ao do



Concello de Lugo

ENXENIERIA

PFF/pff

Ref^a: INFORME CONJUNTO VALORACIÓN TRANSPORTE

Asunto:

documento que se presente no seu día, en función de que se poida considerar que o mesmo se axusta ou non á cuantía económica ofertada e que se acepta de cara a avaliación da oferta presentada.

A continuación preséntase taboa resumo coa avaliación das melloras das dúas mercantís, empregando coma criterio o de a asignación da máxima puntuación á mercantil que presenta un maior importe de melloras, asignándolle a puntuación á outra mercantil mediante interpolación lineal.

MARFINA BUS, S.A.			
MELLORA	OFERTADO	CONSIDERADO	OBSERVACIÓNS
Paquetes de Quilómetros sen custe para o Concello	200.000,00 €	199.985,00 €	<i>Erro no redondeo</i>
<i>Número de vehículos e/ou vehículos especiais</i>			
Vehículos piloto	340.000,00 €	340.000,00 €	
Flota auxiliar eléctrica	45.200,00 €	45.200,00 €	
Tecnoloxía embarcada	35.000,00 €	0,00 €	
<i>Estudios de solucións de tráfico para determinadas zonas</i>			
Consultoría de Transporte e Mobilidade	240.000,00 €	240.000,00 €	
Consultoría sistemas de bicicleta pública	30.000,00 €	30.000,00 €	
TOTAL	890.200,00 €	855.185,00 €	
AUTOBUSES URBANOS, S.A.			
MELLORA	OFERTADO	CONSIDERADO	OBSERVACIÓNS
Paquetes de km sen custe para o Concello	161.000,00 €	161.000,00 €	
Vehículos especiais	167.000,00 €	167.000,00 €	
Estudios de solucións de tráfico	60.000,00 €	60.000,00 €	
TOTAL	388.000,00 €	388.000,00 €	
Puntuación	OFERTADO	PUNTUACIÓN	
MARFINA BUS	855.185,00 €	6	
AULUSA	388.000,00 €	2,72	

Esto é canto procede informar. Non obstante a Mesa, co seu Superior Criterio resolverá o que estime procedente.

En Lugo, a 4 de decembro de 2015
O Xefe do Servizo de Enxeñaría

Asdo.: Pablo Fuentes Faílde

	MARFINA	AULUSA
Propuesta Técnica		
Memoria	1,00	1,00
Calidade	0,35	0,41
Instalaciones	1,00	1,00
TOTAL	2,35	2,41
Plan renovación flota		
TOTAL	2,00	2,00
Deseño e Imaxe dos vehículos		
TOTAL	0,75	0,30
Plan de Mantemento		
TOTAL	1,00	1,00
Plan de Introducción de enerxías menos contaminantes		
TOTAL	0,80	0,60
Plan de limpeza		
TOTAL	1,00	1,00
Melloras		
TOTAL	6,00	2,72
TOTAL	13,90	10,03